

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DECLARA DESERTA A POXA PÚBLICA PARA A VENDA E/OU PARA A CONSTITUCIÓN DO DEREITO DE SUPERFICIE EN PARCELAS RESULTANTES DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DA ZONA DENOMINADA ÁREA LOXÍSTICA EMPRESARIAL DA PLATAFORMA LOXÍSTICA E INDUSTRIAL DE SALVATERRA DE MIÑO-AS NEVES. EXPEDIENTE: PLISAN 2023/COMPRAVENDA-LE (3)

ANTECEDENTES

Primeiro.- O 21 de xuño de 2023 publicouse no DOG número 117 a Resolución do 31 de maio de 2023, pola que se anunciaba o procedemento para a adxudicación mediante poxa pública á alza, mediante compravenda e/ou para a constitución do dereito de superficie, das parcelas resultantes do proxecto de parcelación correspondente á zona denominada Área Loxística Empresarial da Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra de Miño-As Neves (PLISAN). Expediente: PLISAN 2023/COMPRAVENDA-LE (3).

Segundo.- O 15 de setembro de 2023 ás 14:00hs finalizou o prazo de presentación de ofertas ao procedemento, constatándose, de conformidade coa certificación do xefe de sección do Rexistro dos servizos centrais do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante IGVS), non terse presentado ningunha oferta.

A competencia para ditar a presente resolución corresponde ao Director Xeral do IGVS en virtude da Resolución do 19 de abril de 2018, pola cal a Presidenta do IGVS delegou o exercicio das competencias atribuídas para contratar no Director Xeral do IGVS, e de acordo coa Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS e o Decreto 288/1988, do 29 de setembro que o desenvolve.

De conformidade co anterior,

RESOLVO:

Declarar deserto o procedemento para a adxudicación mediante poxa pública á alza, mediante compravenda e/ou para a constitución do dereito de superficie, das parcelas resultantes do proxecto de parcelación correspondente á zona denominada Área Loxística Empresarial da Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra de Miño-As Neves (PLISAN). Expediente: PLISAN 2023/COMPRAVENDA-LE (3).

Proceder á publicación da presente resolución na páxina web do organismo.

Contra esta resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo de un mes contado a partir do día seguinte o da súa publicación de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

A Presidenta do IGVS
(P.D. Resolución 19/04/2018)
O Director Xeral do IGVS
Heriberto García Porto

